



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

Teño unha idea e agora que?

CURSO PRÁCTICO
PARA A CREACIÓN DE
NOVAS EMPRESAS

Teño unha idea e agora que?

CURSO PRÁCTICO PARA A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS

A Cidade da Cultura de Galicia pon en marcha este programa que persecue proporcionarlle formación de calidade aos emprendedores culturais interesados en deseñar e xestionar proxectos empresariais creativos e viables.

O curso ofrece formación en procedementos e técnica na xestión de pemes, contidos especialmente adaptados para facelos comprensibles a público non experto. Ademais, inclúe módulos sobre técnicas útiles no eido do emprendemento, como ferramentas de marketing online, coaching, comunicación empresarial ou estratexias de venda.

Os obxectivos son:

- Desenvolver o potencial creativo para deseñar un proxecto innovador.
- Definir un modelo e un plan de negocio profesional.
- Procedementos de xestión profesional dunha peme.
- Estratexias de comunicación e marketing online.
- Habilidades de venda, captación e fidelización de clientes.
- Técnicas de motivación, negociación e resolución de conflitos.
- Desenvolvemento do talento persoal para alcanzar metas profesionais.

INFO PRÁCTICA

10 outubro - 4 de decembro

Total horas: 60

Prazas: 25

De balde previa inscrición en www.cidadedacultura.gal

A partir do 15 de setembro, e no caso de quedar prazas, a Cidade da Cultura ofrece a posibilidade de inscribirse en cada un dos módulos de forma individual:

- **10 outubro:** Xornada inaugural. Empresa, cultura e valor: responsabilidade social corporativa.
- **24 outubro:** Módulo 1-Proxecto de empresa e plan de negocio.
- **31 outubro:** Módulo 2 – A administración da empresa cultural
- **6 e 7 novembro:** Módulo 3 – Marketing e Comercialización.
- **13 e 14 novembro:** Módulo 4 – Vendas.
- **21 novembro:** Módulo 5 - Motivación e responsabilidade social corporativa.
- **27 e 28 novembro:** Módulo 6 – Coaching.
- **4 decembro:** Xornada de clausura. Emprender non necesariamente é crear unha S.L: novos modelos de traballo para a innovación social.

PROGRAMA

XORNADA INAUGURAL: EMPRESA, CULTURA E VALOR: RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA.

10 OUTUBRO | 11:00 | SALA EISENMAN
HORAS: 2

Imparte: Juan Royo, considerado unha das figuras máis influentes en redes sociais en materia de RSC en España e fundador e director da revista online culturaRSC.com. Esta xornada inaugural contará cun obradoiro onde se analizará desde un punto de vista teórico-práctico o papel que ten e pode ter a responsabilidade social corporativa como motor de cambio. Neste sentido, é preciso analizar novos roles da empresa na sociedade, así como a súa relación coa cultura e a creatividade, como ferramentas transformadoras.

MÓDULO I. PROXECTO DE EMPRESA E PLAN DE NEGOCIO.

24 OUTUBRO | AULA 2 DA BIBLIOTECA DE GALICIA | DE 10 A 14 E DE 16 A 20 HORAS
HORAS: 8

Imparten: Raquel Freire, cofundadora e responsable da área de emprendemento e de deseño de modelos de negocio innovadores de UN-EM; e Eloy López, responsable de deseño de modelos de negocio en UN-EM.

Neste primeiro achegamento ao mundo empresarial, o participante percorrerá o camiño que vai desde a orixe da idea ata a materialización da mesma nun Plan de empresa, partindo da creatividade como unha ferramenta básica e transversal a todo o proceso. Ao longo destas oito horas, abordaranse os pasos para elaborar un Modelo de negocio e analizarase a súa importancia para logo cumprir os mesmos fitos co Plan de Empresa.

MÓDULO II. ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA CULTURAL

31 DE OUTUBRO | AULA 2 DA BIBLIOTECA DE GALICIA | DE 10 A 14 E DE 16 A 20 HORAS
HORAS: 8

Imparten: Marcos Paz, especializado no asesoramento a proxectos empresariais en etapas temperás e busca de investimento privado en UN-EM.
Elena Pernas, controller financeira.
Laura Vázquez, consultora empresarial.

As cuestións claves para o día a día dunha pequena empresa serán abordadas neste módulo. O participante aproximarase ao mundo da xestión laboral, a contabilidade e as finanzas dunha forma accesible co obxectivo de despexar as dúbidas máis comúns. O obxectivo principal é ofrecer unha perspectiva xeral onde o emprendedor non se sinta perdido na xestión diaria da súa actividade profesional.

MÓDULO III. MARKETING E COMERCIALIZACIÓN: FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

6 E 7 DE NOVIEMBRE | AULA 2 DA BIBLIOTECA DE GALICIA | DE 10 A 14 E DE 16 A 20 HORAS
HORAS: 12 HORAS

Bloques temáticos:

- Plan de comunicación. Imparte: José Sixto García, director de Instituto de Medios Sociales.
- Oratoria para a comunicación profesional. Imparte: Concha Diéguez, directora de proxectos do departamento de formación en Reverso Comunicación.
- Marketing online. Imparte: Luis Magarinhos Iglesias, responsable de Trebun Solutions.

Á hora de comercializar o noso produto existen tres elementos clave: o contacto cos medios de comunicación, as habilidades persoais para comunicar e as ferramentas para chegar ao noso público. Por iso, este terceiro módulo dividírase en tres bloques, a través dos que o participante aprenderá a deseñar

un Plan de Comunicación e recibirá as claves para aprender a relacionarse cos medios e, a través deles, co público obxectivo. Nun segundo bloque, aproximarase as habilidades e técnicas da comunicación verbal e non verbal para xa nun terceiro introducirse no mundo do SEO e todas aquelas ferramentas que melloran a visibilidade e o posicionamento online dun sitio web.

MÓDULO IV. VENDAS.

13 DE NOVIEMBRE: DE 16 A 20 HORAS

14 DE NOVIEMBRE: DE 10 A 14 E DE 16 A 20 HORAS
AULA 2 DA BIBLIOTECA DE GALICIA.
HORAS: 12

Bloques temáticos:

- Técnicas de venda e negociación. Imparten: Nuria Fernández, socia promotora de UN-EM, onde diseña e orienta novas oportunidades de negocio; e Miguel Varela, enxeñeiro informático e responsable de Teimas Desenvolvemento, empresa TIC especializada en xestión de residuos.

- Apps para comunicar e vender . Imparte: Diego Parajó, xerente de Xeneme Proxectos sociais. e Concha Diéguez, directora de proxectos do departamento de formación en Reverso Comunicación

- Habilidades comunicativas para a venda e o poder das historias. Imparte: Antonio Armesto, fundador e director xeral de Animatium.

O módulo de vendas contará con tres casos prácticos nos que aprender a identificar novos clientes co obxectivo de coñecelos e fidelizalos; adestrar as habilidades de comunicación para mellorar as habilidades comerciais; e aprender conceptos clave para saber cómo vender contando e coñecer ferramentas TIC que nos axuden neste cometido.

MÓDULO V. MOTIVACIÓN E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA.

21 DE NOVIEMBRE | AULA 2 DA BIBLIOTECA DE GALICIA | DE 10 A 14 E DE 16 A 20 HORAS
HORAS: 8

Imparte: Gustavo Marcos, profesor de Innovación e Emprendemento; Raquel Freire e Nuria Fernández. O valor máis importante de calquera organización empresarial é o seu equipo humano. Por iso, dedicarase este espazo á motivación dos equipos e proporanse ferramentas que nos faciliten o traballo conxunto e orientado cara a unha mesma dirección. Presentamos o emprendemento como un proceso de aprendizaxe, onde debemos perderlle o medo ao fracaso e interpretalo como unha experiencia máis á que tamén podemos sacarlle partido, e centrarémonos en expoñer as vantaxes de deseñar e acometer proxectos comprometidos coa súa contorna, sendo sostibles e transparentes.

MÓDULO VI. COACHING.

27 E 28 DE NOVIEMBRE | AULA 2 DA BIBLIOTECA DE GALICIA | DE 10 A 14 HORAS
HORAS: 8

Imparte: Mariela Villar, directora de CCamina. Este último módulo busca mellorar o rendemento, satisfacción e resultados dos emprendedores, adquirindo habilidades e ferramentas para lograr as súas metas. Os participantes aprenderán a ser capaces de xestionar os desafíos da contorna cun novo nivel de motivación e confianza nas súas posibilidades, a coñecerse mellor a si mesmos e aos demais –mellorando a capacidade de autoxestión e relación cos demais-, e a entrenar as súas habilidades de comunicación.

RELATORES

JUAN ROYO. Economista especializado en RSC e reputación (speaker, conferenciante, formador e consultor). Incluído no Top Ten dos máis influíntes en redes sociais en materia de RSC en España, Royo é fundador e director de culturaRSC.con, revista online sobre responsabilidade social corporativa e de El Blog de la RSC, un dos dez blogs imprescindibles de RSC segundo a revista Más RSC. Royo tamén é profesor asociado na facultade de Economía e Empresa de Zaragoza desde 1999.

MÓDULO I.

RAQUEL FREIRE: Cofundadora e responsable da área de emprendemento e deseño de modelos de negocio innovadores de UN-EM, empresa dedicada á comercialización de resultados de investigación procedentes de universidades e outros centros científicos. Licenciada en Administración e Dirección de Empresas, desenvolveu a súa carreira profesional tanto na empresa privada como en institucións científicas. Eloy López. Licenciado en Bioloxía Mariña pola Universidade de Santiago de Compostela e Posgrado en Xestión da Innovación (UDC). É socio promotor de UN-EM, onde desenvolve tarefas relativas a ao deseño de modelos de negocio a partir de resultados de investigación. Na USC, dentro da Oficina de Transferencia, desempeñou actividades centradas na creación de empresas a partir de resultados de investigación ou a conexión de Grupos de Investigación co mercado.

MÓDULO II

MARCOS PAZ. Licenciado en Dirección e Administración de Empresas pola USC. Traxectoria profesional sempre ligada ó emprendemento: Uninova, Compostela Monumental, Programa Uniemprende (USC). É socio promotor de UN-EM, especializado no asesoramento a proxectos empresariais en etapas temperás e á procura de investimento privado. Participou de forma destacada na concepción, deseño e desenvolvemento de Inberso, rede internacional que agrupa máis de 250 empresas de base tecnolóxica de Iberoamérica que están buscando financiamento e conta con máis de cen inversores privados de diferentes países.

ELENA PERNAS. Licenciada en Ciencias Empresariais, Máster e Posgrado en Xestión da Innovación. Profesora

de Auditoría TI no Máster de Tecnoloxías da Información da USC e de Creación de Empresas no MBA da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña. Profesora de Auditoría de Contas en cursos AFD para a Xunta de Galicia e de Xestión Empresarial en Obradoiros de Emprego. Controller Financeira en diversas empresas do sector público e privado, entre elas: Uninova, Centros Comerciais Continente, Construcións Valencia California etc. Na actualidade é coordinadora do Programa Yuzz en Santiago de Compostela e Directora Financeira de Clínicas Juanatey.

LAURA VÁZQUEZ. Graduada en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A súa traxectoria profesional estivo sempre ligada á consultoría empresarial, no ámbito laboral, asesorando a empresas de distintos ámbitos. Durante os últimos 12 anos formou parte dunha recoñecida consultora onde asesoraba e guiaba diversas empresas no cumprimento da normativa socio-laboral e planificando estratexicamente a contratación do seu cadro de persoal. Actualmente desenvolve a súa labor como consultora freelance, levando a cabo o asesoramento laboral empresarial en colaboración con varias consultoras e asesorías.

MÓDULO III

JOSÉ SIXTO GARCÍA. Director do Instituto de Medios Sociales. Doutor en Comunicación pola USC con mención europea pola súa estadía no Instituto Português de Marketing. Máster en Dirección e Xestión de Empresas e licenciatura en Xornalismo con Premio Extraordinario Fin de Carreira. Autor de numerosas publicacións no campo da comunicación e os social media, entre elas o libro As redes sociais como estratexia de marketing online. Ademais da súa experiencia docente, traballou como responsable de comunicación e marketing no campo empresarial.

CONCHA DIÉGUEZ. Socia fundadora de Reverso Comunicación, empresa na que desenvolve e executa as accións formativas e os proxectos de mellora en estratexias de comunicación. Posgraduada en Xestión de empresas culturais e en Comunicación e vendas. Licenciada en Filoloxía Galega e experta na mellora da comunicación oral e escrita. Formación en xestión do ocio e o tempo libre. Desenvolve labores de asesoramento, corrección de textos e colaboración en proxectos de dinamización en diversas entidades públicas

LUIS MAGARINHOS IGLESIAS. Licenciado en Humanidades na especialidade de Arte (Universitat Pompeu Fabra, Barcelona). Diplomado en Ciencias Empresariais na especialidade de Marketing (Universidade de Vigo) e Técnico Especialista en Informática. Emprendedor serial e co-fundador de varias Start-Ups: Cilenis, Baudea Aventura. Ten residido en varios países e colaborado en proxectos a nivel internacional en São Paulo, Brasil (IGAPE-Cámara de Comercio) e no Porto en Portugal (UP-Cultureprint).

MÓDULO IV

NURIA FERNÁNDEZ. Licenciada en Administración e Dirección de Empresas. A súa traxectoria profesional estivo vinculada á xestión de redes empresariais, á planificación estratéxica e ao deseño de novas ferramentas e accións dirixidas á dinamización e innovación. No Programa Uniemprende (USC), como Directora de Uniban, orientouse á xestión da innovación, ao financiamento e ao apoio á consolidación de proxectos emprendedores. Actualmente é socia promotora de UN-EM, onde diseña e orienta novas oportunidades de negocio, colaborando intensamente na súa consolidación empresarial.

MIGUEL VARELA. Home orquestra en Teimas Desenvolvemento, empresa TIC especializada en xestión de residuos. Responsable de Teixo, software empresarial dispoñible en Internet para empresas produtoras, xestoras e transportistas de residuos, así como do web Gestoresderesiduos.org, medio de comunicación líder dirixido a profesionais do sector da reciclaxe. Enxeñeiro Informático e Investigador na UDC, foi Xefe de Proxectos e Analista no Grupo Tragsa.

ANTONIO ARMESTO. Fundador e Director Xeral de Animatium (1ª Rede franquiciadora de empresas de servizos de animación e servizos para eventos de España). Master en Dirección e Administración de Empresas. Técnico Superior en Actividades Físicas e Animación Deportiva. Técnico Superior en Administración Hostaleira. Formador, asesor e evaluador SICTED. Experto en animarketing, formador, consultor e relator multidisciplinar.

DIEGO PARAJÓ. Directivo de Galesed, patronal do sector de Ocio Educativo en Galicia e socio-fundador e xerente de Xeneme Proxectos Sociais desde 1998, onde desenvolve a súa actividade como formador, asesor e project manager en servizos sociais, educativos e

culturais. Diplomado en Educación Social. Experto en Xestión Cultural. Máster en xestión e comunicación da Responsabilidade Social Empresarial. Formado en desenvolvemento comunitario, coaching sistémico, project management e dirección de empresas.

MÓDULO V

GUSTAVO MARCOS. Licenciado en Ciencias Físicas e Máster en Business Administration (MBA). Profesor de Innovación e Emprendemento no Máster SIC, “Sociedade da Información e Coñecemento” (USC). Profesor de Xestión da Innovación na Escola de Negocios Ingafor. Foi membro da “EVP Expert Validation Platform”, vinculada a Europe Innova, así como Experto en Valorización de Proxectos de Investigación do 7º Programa Marco da Unión Europea. Xerente da empresa UNIXEST (2005 ao 2011), Xerente de UNINOVA (1999 ao 2011), incubadora de empresas da USC e organizador do Congreso Internacional de Universidades Emprendedoras durante 10 anos. Foi Director da Oficina Técnica de Red Emprendia na USC, ponente habitual en Escolas de Negocio, cursos de verán, xornadas e seminarios.

MÓDULO VI

MARIELA VILLAR. Fundadora e directora de CCamina, co-directora académica do Curso de Experto en Coaching da USC, coach de directivos e outros profesionais e formadora en habilidades e actitudes de éxito. Formada en programación neurolingüística, creatividade aplicada á empresa, Mariela Villar é licenciada en Ciencias Políticas e Sociais pola USC. Conta cun máster en Desenvolvemento Económico e Innovación pola USC e outro en Xestión de Patrimonios e Asesoría Financeira da Escola de Negocios de Novacaixagalicia.

EMPRESAS PARTICIPANTES

UN-EM: empresa especializada en apoiar a universidades e centros tecnolóxicos no desenvolvemento da “terceira misión”: axentes de transferencia e difusión do coñecemento e tecnoloxías á sociedade, que contribúen a establecer modelos de negocio que deriven en empresas viables e innovadoras a partir de resultados de investigación. O equipo formouse profesionalmente durante os últimos anos dentro do Programa Uniemprende da USC e, anteriormente, en diferentes ámbitos da empresa pública e privada.

INSTITUTO DE MEDIOS SOCIALES: ofrece servizos de comunicación e marketing a empresas e entidades de todo tipo. É o primeiro instituto de Galicia especializado na xestión da comunidade social, en especial das redes sociais e as contornas creativas. Entre as súas funcións está o asesoramento e consultoría en comunicación, acción de comunicación, xestión de redes sociais e espazos web e organización de cursos e actividades formativas no campo da comunicación, social media, marketing ou xestión empresarial.

REVERSO COMUNICACIÓN. Empresa con máis de dez anos ao servizo da cultura, da comunicación e do lecer en Galicia. Entre os seus servizos está o de asesoría lingüística, formación en comunicación (novas tecnoloxías, web 2.0, cultura, lecer e lingua), traballos de edición, xestión cultural, organización de actividades de lecer lúdicas e educativas para divertirse aprendendo e traballo de consultoría en comunicación, presenza na internet e organización de eventos.

TREBUM: axencia dixital interdisciplinar que ofrece servizos dixitais completos e de alta calidade en comunicación, deseño, marketing, media e áreas complementarias.

XENEME PROXECTOS SOCIAIS. Consultora de proxectos sociais, educativos e culturais desde 1998. Desenvolvemos novos enfoques en ámbitos da educación social desde a creación de sinerxías con outras disciplinas para deseñar proxectos que producen solucións e beneficios reais ás comunidades, organización e persoas. Aplicamos a innovación educativa como clave diferencial para incidir de forma efectiva en procesos de desenvolvemento comunitario e organizacional.

GALESED. Asociación Galega de Empresarios/as de xestión de servizos educativos, de lecer, sociais, culturais e deportivos, membro de FOESC (Federación Estatal de Empresas de Ocio Educativo y Animación Sociocultural). Constituída en febreiro de 2008 por un grupo de empresas representativas do sector e que compartían as mesmas inquietudes e perseguían os mesmos obxectivos. Empresas que creen firmemente na importancia da unión, da profesionalización e da excelencia no sector, contribuíndo a xerar riqueza na comunidade e na sociedade en xeral.

CCAMINA. CCamina desafía e impulsa o logro de metas, soños e aspiracións de persoas, empresas e organismos. Libera o seu potencial e incrementa o seu talento e os seus niveis de benestar, propiciando resultados extraordinarios. Faino aplicando con excelencia a disciplina do coaching e impartindo formación en actitudes de éxito. CCAMINA desenvolve persoas, fomenta un liderado eficiente baseado en valores e contribúe así a crear benestar, produtividade e sustentabilidade.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA